

1522

ESTREA EN NUMAX: 14.05.2025 | V.O. | TP | 75 min

A black and white photograph showing a person in a white protective suit and a head-mounted device, possibly a microscope or camera, examining a large, textured surface. The person is holding a long, thin rod or probe against the surface.

A historia do Caravaggio que case se vende por 1.500 euros

Por Javier Zurro

1.500 euros. Ese era o prezo de saída do cadro que a familia Pérez de Castro Méndez pretendía vender nunha poxa en Ansorena, Madrid, en 2021. Un cadro que estivera con eles durante décadas, no seu salón, do que decidiron desfacerse por unha mudanza. Dixéranlles sempre que era un bo cadro, que mesmo podería ser do círculo de José de Ribera, pero o que non podían imaxinar, é que tiveran no seu poder un Caravaggio perdido. Unha xoia pictórica que moitos levaban tempo buscando e que de súpeto aparecía no catálogo en liña dunha casa de poxas española.

Aínda que eles non fosen conscientes, os marchantes de arte non tiveron dúbida cando viron aquela foto que empezou a mandarse por grupos de WhatsApp que aquilo podía ser unha alfaia. A loita por facerse co que podía ser un *Ecce Homo* de Caravaggio comezou. Entre bambalinas produciuse unha carreira por ser o máis hábil para xestionar a compra. Finalmente, o marchante que o logrou foi outro español, Jorge Coll, e o pouco que se soubo de todo o proceso foi que, tras ser declarado Ben de Interese Cultural polo Ministerio de Cultura, o cadro foi comprado por unha persoa anónima.

A obra púidose ver durante meses no Prado —agora atópase en Italia— porque a familia puxo como condición á venda que tiña que ser exposto en España. Nada se sabe do prezo final (que se estima en 36 millóns), nin da identidade do filántropo anónimo, nin das condicións da cesión entre o comprador e o Ministerio de Cultura. Tampouco ofrece esas respostas *The sleeper. El Caravaggio perdido*, o documental que dirixiu Álvaro Longoria sobre o proceso de compra do cadro.

O que si ofrece o director é un acceso único ás bambalinas de toda a operación. Unha versión de *Ocean's Eleven* onde os *dealers*, os marchantes de arte, usan todas as súas armas para xestionar a venda dun *sleeper*, un cadro que estivo durmido durante anos e aparece de súpeto chamando a atención de todo o sector. Tamén para levar unha parte do pastel. Como di un dos marchantes que aparecen no filme, en canto viron aquela imaxe no catálogo en liña todos se lanzaron “coma hienas” a polo cadro.

Un thriller documental a tempo real que nace dun golpe de sorte. Cando Álvaro Longoria empezou a ler na prensa todo o que estaba a ocorrer co Caravaggio que se ía a vender por 1.500 euros chamou ao seu amigo Jorge Coll. “Chameino e díxenlle, 'que está a pasar?', e díxome que non só había unha historia dentro, senón que posiblemente el ía quedar co cadro”.

En todo o proceso deuse conta de que aquel cadro non era un simple cadro, era “a estrela do rock”. Tamén de que todo aquilo era unha cuestión de “moitos millóns” onde todos os marchantes querían saír como vencedores. “Iso foi brutal. Eu recibín mensaxes de 20 expertos dicindo que eles foron os primeiros en dicir que era un Caravaggio. O outro día en Roma chamoume un queixándose por non estar no documental porque tamén dicía que foi o primeiro. Foi unha carreira de tolos. Os *dealers* italianos viñeron todos a Madrid a tentar comprar o cadro e a facer ofertas cada vez máis altas. Pagaban 20 millóns sen ver sequer o cadro, só viran unha mensaxe de WhatsApp”, explica e resume todo en que ao final era unha operación onde “había moito diñeiro en xogo”.